

Semana das Letras

ACTIVIDADES DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS

(Do 12 ao 16 de abril de 2010)



| | LUNS 12 | MARTES 13 | MÉRCORES 14 | XOVES 15 | VENRES 16 |
|-----------|--|---|--|------------------------------------|---|
| 5.00-6.30 | | | CLASE DE COCIÑA EN INGLÉS AULA 002 | TÉ ÁS CINCO AULA 002 | CONCURSO DE TABÚ AULA 002 |
| 6.30-8.00 | TÉ ÁS CINCO AULA 002 | CONCURSO DE TABÚ AULA 002 | TEATRO SALÓN DE ACTOS | (Descanso) | TÉ ÁS CINCO AULA 002 |
| | | | | 7.00-9.30 – EOIVISION | |
| 8.00-9.30 | DANZAS DO MUNDO XIMNASIO | BAILES COUNTRY XIMNASIO | TÉ ÁS CINCO AULA 002 | SALÓN DE ACTOS | |

A sección de Ribeira da EOI de Santiago, querendo contribuír á diversidade lingüística dunha maneira lúdica, organiza unha semana de actividades relacionadas coa lingua inglesa, que terá lugar no **IES nº 1** durante **os días 12 a 16 de abril**.

Todos os alumnos da EOI poden asistir a todas as actividades, independentemente do nivel. **Ademais, todas as persoas que NON son alumnas están cordialmente invitadas a participar con nós e a achegarse ao inglés de forma divertida (non hai límite de idade!)**

Te ás 5 (ou máis tarde!)

Lugar: Aula 002 do IES nº1

Contidos da actividade:

Aparte de tomar *British tea and biscuits*, será unha boa oportunidade de conversar (en inglés, por suposto) sobre varios temas.

Datas e horas:

Luns 12 ás 18:30
Mércores 14 ás 20:00
Xoves 15 ás 17:00
Venres 16 ás 18:30

Danzas do mundo

Lugar: Ximnasio do IES nº 1

Contidos da actividade:

María Basterrechea, alumna de Avanzado 2, ensinarannos a bailar danzas do Quebec, Ex Iugoslavia, Brasil, Alemaña, África, País Vasco e Galicia.

Data e hora:

Luns 12 ás 20:00

Concurso de TABÚ

Lugar: Aula 002 do IES nº1

Contidos da actividade:

Os asistentes xogarán en equipos. Obxectivo: Que o noso compañeiro adiviñe a palabra que lle estamos a definir, pero, ollo! Non se poden usar as palabras tabú que aparecen na tarxeta!

Datas e horas:

Martes 13 ás 18:30
Venres 16 ás 17:00

Bailes country

Lugar: Ximnasio do IES nº1

Contidos da actividade:

Ponde as botas e o sombreiro de cowboy e vinde aprender algúns pasiños básicos deste estilo coas profes Raquel Fernández e Diana Pastoriza.

Data e hora:

Martes 13 ás 20:00

Clase de cociña en inglés

Lugar: Aula 002 do IES nº1

Contidos da actividade:

Victoria Callón, alumna de Avanzado 2, mostraranos en vivo e en directo, como cociñar *English trifle*, unha típica sobremesa inglesa.

Datas e horas:

Mércores 14 ás 17:00

TEATRO

Lugar: Salón de Actos do IES nº1

Contidos da actividade:

Elena Berra, Victoria Callón, Isaac Fernández, Dolores López, Encarna Mariño, José Luis Mouriño e Bea Terol, os nosos actores e actrices de Intermedio 2 e Avanzado 2 prepararon uns divertidos *sketches* que vos queremos mostrar.

Datas e horas:

Mércores 14 ás 18:30



Coivision

Lugar: Salón de Actos do IES nº1

Contidos da actividade:

Levamos meses preparando este concurso da canción. Cada grupo preparou unha canción que vai cantar e bailar para o voso disfrute.

Despois do éxito do ano pasado, estamos dispostos a dalo todo para gañar!

Datas e horas:

Xoves 15 ás 19:30